



Obxectivos estratéxicos- da política industrial en Galicia

O PLAN ESTRATÉXICO de Desenvolvemento Económico de Galicia 2000-2006 recolle a proposta estratéxica xeral de política socioeconómica da Xunta de Galicia. Esta, está constituída sobre dúas bases:

- Unha reflexión prospectiva dos escenarios razoables do contorno no que se moverá o sistema económico galego o futuro;
- Unha definición dos grandes fins socioeconómicos que ten Galicia e a súa tradución en obxectivos finais para o plan. Eses obxectivos están baseados na consistencia interna, a adecuación ós problemas e oportunidades de desenvolvemento e á capacidade operativa para os poñer en marcha.

O obxectivo xeral das “estratexias territoriais de actuación e avaliación” é aproveitar tódalas

capacidades competitivas dos territorios, potenciando os seus recursos endóxeos e as súas iniciativas de desenvolvemento. Dito obxectivo xeral debe concretarse nun cadro priorizado de obxectivos que reúna as seguintes características: claro, consistente, adecuado ás debilidades e oportunidades de desenvolvemento do territorio concreto y que manteña unha coherencia e continuidade coas actuacións anteriores.

O **cadro 3.1.** mostra a priorización de obxectivos do PEDEGA que cumpren as ditas características.

Entre as accións prioritarias, obxectivos finais, sinaladas no PEDEGA salientan dúas directamente relacionadas co tecido productivo: o 1.A. “Potencia-los factores básicos de competitividade

3.- Obxectivos estratéxicos da política industrial en Galicia

CADRO 3.1.

Obxectivos de desenvolvemento da competitividade do tecido productivo	Obxectivos xerais	1. Estratexias empresariais de competitividade. 2. Proxección empresarial exterior. 3. Diferenciación productiva e mellora da calidade. 4. Accesibilidade financeira 5. Servicios avanzados a empresas. 6. Turismo.
	Obxectivos territoriais específicos	1. Complexos prioritarios ligados ós recursos naturais endóxeos existentes (Energía, minería, agro-gandería, mar...). 2. Modelos de cooperación empresarial.
Obxectivos de mellora do capital físico	Obxectivos de mellora da accesibilidade	1. Infraestruturas de comunicacións. 2. Intermodalidade do transporte 3. Accesibilidade na localización de empresas. 4. Accesibilidade enerxética, hídrica e de información.
	Obxectivos de mellora do territorio	1. Desenvolvemento territorial integrado. 2. Cooperación interterritorial.
	Obxectivos de mellora do medio ambiente	1. Calidade de augas. 2. Xestión de residuos. 3. Patrimonio natural. 4. Eficiencia enerxética.
Obxectivos de mellora dos recursos humanos	Obxectivos de mellora da calidade de vida	1. Saúde 2. Patrimonio cultural e identidade territorial. 3. Vivenda e habitabilidade. 4. Infancia e 3ª idade. 5. Deporte e ocio.
	Obxectivos de mellora do coñecemento	1. Educación, cualificación e innovación ligada o tecido productivo. 2. Empregabilidade/Oportunidades de emprego. 3. Iniciativas emprendedoras.

do sistema empresarial” e o 1.B. “Potencia-la competitividade do núcleo productivo de Galicia”.

O primeiro deles, **1.A. “Potencia-los factores básicos de competitividade do sistema empresarial”**, integra un conxunto de obxectivos intermedios horizontais orientados cara á empresa, que teñen por finalidade básica mellora-los factores básicos que facilitan o xurdimento de iniciativas privadas de investimento de carácter anticipativo, en especial nas pemes (habilidades directivas, planificación estratéxica, orientación cara á calidade e o posicionamento diferenciado nos mercados, hábitos de proxección exterior, etc.), así como de promover un contorno favorecedor do dito investimento privado (acceso a fontes de financiamento

e dispoñibilidade dunha oferta adecuada de servizos productivos avanzados). A orientación estratéxica deste obxectivo final céntrase en fomentar actitudes empresariais estratéxicas e competitivas:

- Imaxe de calidade diferenciada: normalización de produtos/marcas de orixe acreditadas
- Proxección exterior: incremento da capacidade de exportación de bens e servizos de Galicia

As claves estratéxicas que están detrás do obxectivo **1.B. “Potencia-la competitividade do núcleo productivo de Galicia”** oriéntanse á configuración e desenvolvemento de redes productivas integradas de carácter multisectorial, para dar lugar a conglomerados de actividades articulados funcional e territorialmente.



A fórmula operativa é estrutura-las medidas que se van pór en marcha dentro de programas integrados de medidas para os complexos ou agrupamentos ("clusters") de actividades singularmente relevantes para Galicia. A estratexia sectorial sintetízase en dúas fronteiras básicas:

- Integración de redes productivas: aumento das ligazóns intersectoriais orientado á extensión da cadea de valor engadido.
- Renovación/diversificación: modernización de produtos, procesos e canles comerciais nas actividades nas que Galicia conta coas vantaxes competitivas derivadas do saber facer, xunto á potenciación de novos complexos que contan xa cun relativo desenvolvemento e asentamento na rexión:
 - Agro-gandeiro
 - Silvicultura/explotación forestal/madeira
 - Mar/industria (pesca/marisqueo/acuicultura/industria conserveira e afíns)
 - "Clusters" industrias de importancia singular (pedra natural, construción naval, confección/téxtil, telecomunicacións/audiovisual).
 - Turismo selectivo.

O **cadro 3.2.** recolle unha estimación preliminar dos obxectivos físicos perseguidos por cada un destes obxectivos finais, amosando unha serie de indicadores e o valor das súas realizacións previstas para o período 2000-2006.

Seguindo a **xerarquización dos obxectivos intermedios** recollida no PEDEGA, estes pódense agrupar en obxectivos integrados ou de alto valor estratéxico, obxectivos influentes e en obxectivos influídos ou sensibles.

Obxectivos de alto valor estratéxico

1.B.4.- Potencia-lo desenvolvemento integrado dos complexos industriais abertos ó exterior de singular importancia para Galicia. Neste obxectivo conflúen as intervencións dirixidas ós complexos de actividades da Pedra natural; Construción naval; Automoción; Confección-téxtil; e Telecomunicacións/audiovisual, que integra tamén certas actividades emerxentes de servizos ligados á produción e difusión de información, ocio e cultura. As intervencións consideradas arti-

cularanse en programas integrados de mellora da competitividade específicos para cada un dos agrupamentos seleccionados.

As medidas incluídas neste obxectivo intermedio plurisectorial oriéntanse nas seguintes direccións:

- Programas de formación profesional para ocupados específicos para as ramas de actividade relacionadas con este obxectivo intermedio: subvencións e axudas compensatorias a cursos de diverso contido sectorial (téxtil, pedra natural, etc.). A revisión destes programas guíase por criterios de mellora-la adaptación formativa con vistas a asegurar un emprego máis estable e de maior calidade.
- Apoio á integración empresarial do agrupamento da pedra natural, a través de redes de cooperación incentivadas pola Administración: o centro de atención das medidas porase no desenvolvemento adaptativo de tecnoloxías de proceso e de aplicacións e deseño de produtos, xunto a tecnoloxías para o tratamento dos residuos industriais e o seu posible aproveitamento, todo isto apoiado nos centros tecnolóxicos existentes.
- Coidado da estratexia de produto nobre e de calidade, como soporte para a difusión do uso da pedra natural.
- Coidado da estratexia de produto nobre e de calidade, como soporte para a difusión do uso da pedra natural.
- Análise de mercados actuais e potenciais e das posibilidades de penetración na cadea de valor engadido do agrupamento da pedra natural.
- Apoio á constitución de consorcios de exportación da pedra natural ligados á normalización de produtos de acordo con códigos europeos (euronormas), e asociados á marca de orixe.
- Reforzo dos vínculos e relacións entre os distintos compoñentes da cadea de produción da construción naval e co demandante final, co obxectivo de descubrir oportunidades, axusta-lo deseño do produto ás necesidades específicas dos usuarios e, en última instancia, integrar e asenta-lo complexo productivo da construción naval.
- Reforzo das actividades de reparación, mantemento e renovación de buques.
- Apoio á investigación na área do deseño industrial naval, dirixindo as liñas básicas de investigación cara á adaptación ás funcións dos

3.- Obxectivos estratéxicos da política industrial en Galicia

CADRO 3.2.

Estimación dos obxectivos físicos perseguidos por cada obxectivo final do PEDEGA. Estimación preliminar

Obxectivo Final	Indicador	Unidades	Valor Realizacións previstas 00-06
1.A.	Accións formativas a empresarios e xestores	nº accións	35
	Axudas en temas de deseño, redes de organismos intermedios e sistemas de información	nº	746
	Campañas de difusión da moderna cultura empresarial	campañas-feiras	35
	Contratos efectuados a personal altamente cualificado con axudas	Postos	221
	Desempregados beneficiarios de axuda ó autoemprego	Traballadores	14.233
	Empresas participantes en programas de intercambio de experiencias	nº	415
	Proxectos de cooperación para o investimento	nº	32
	Proxectos de externalización de funcións de servizos	nº	32
	Proxectos de iniciativa empresarial	nº	5.748
	Proxectos de modernización empresarial	nº	93
	Bolsas de promoción concedidas a empregados centros de negocios no estranxeiro	Becas	42
	Misións de negocios e congresos realizados	campañas-feiras	50
	Proxectos de vocación exportadora ou proxección exterior	nº	35
	Certificados de Conformidade a Normas ás Pemes	nº	227
	Determinacións de control de calidade realizadas en laboratorios acreditados	nº	42.283
	Empresas cos programas de autocontrol de calidade	nº	1.553
	Proxectos para a implantación de sistemas de xestión de calidade	nº	232
	Subvencións a fondo perdido a proxectos de mellora competitiva das pemes galegas	nº	1.567
	Apoio financeiro ó investimento productivo	Postos	117.247
	Centros creados servizos a empresas	nº	10
	Proxectos de modernización de empresas de servizos	nº	162
1.B.	Alumnos bolseiros I+D agrícola	Becas	67
	Alumnos formación agraria	Alumnos	20.869
	Análise de identificación de variedades ou ecotipos locais	Análise	207.986
	Análise de mostras de leite en control leiteiro	Análise	1.513.717
	Animais de bovino leiteiro en control de rendementos	nº	225.507
	Animais e explotacións acollidos ós programas de erradicación obrigatorios	nº	146.580
	Concentración parcelaria complexo agro-ganadeiro	Has	21.141
	Expedientes de entidades asociativas acollidos ós programas de expansión e consolidación	nº	499
	Explotacións integradas en programas de mellora da eficacia dos sistemas productivos agrarios	nº	7.893
	Implantacións embrionarias	nº	987
	Industrias apoiadas para a comercialización de produtos agrarios	nº	178
	Industrias de nova creación	nº	29
	Industrias reestruturadas e/ou modernizadas complexo agro-gandeiro	nº	143
	Plans de mellora e instalación de xóvenes agricultores	nº	7.893
	Pólizas seguro agrario anual	nº	18.477
	Programa de conservación e mellora de razas autóctonas: Nacementos	nº	2.072
	Proxectos de investigación agrícola	nº	67
	Sementais probados e postos a proba	nº	117
	Sociedades Agrarias de Transformación constituídas	nº	33
	Uds. de servizos integrados na rede informática	nº	380
	Superficie controlada polo sistema de información territorial agrario	Has	19.553.384
	Modernización empresas transformación madeira	nº	93
	Parques forestais semiurbanos	Has	500
	Acondicionamento dos peiraos	nº	40
	Alumnos formación pesqueira (Formación Regrada)	Alumnos	1.284
	Asistencia a feiras autonómicas, nacionais e internacionais	campañas-feiras	10
	Asistencias realizadas na formación pesqueira	nº	355
	Axudas a empresas para aumentar produtividade dos bancos e cultivos mariños	nº	181
	Buques modernizados	nº	905
	Buques renovados	nº	604
	Campañas de prospección marítima participadas	nº	7
	Centros de comercialización en orixe modernizados ou renovados	nº	20
	Cursos realizados (Formación Continua e Ocupacional)	Cursos	237
	Embarcacións afectadas polas medidas de desenvolvemento sostibles da pesca de baixura	nº	604
	Empresas alternativas creadas dentro do sector pesqueiro	nº	35
	Equipamento portuario de apoio á actividade dos buques	nº	50
	Estudios de mercado, enquisas de consumo, asistencias técnicas	nº	13
	Industria de transformación produtos pesqueiros renovados ou modernizados	nº	31
	Lonxas adecuadas ás novas tecnoloxías	nº	40
	Sociedades Mixtas	nº	30
	TRB retiradas por paralización definitiva	TRB	2.012
	Accións formativas sector naval	nº accións	20
	Garantías constituídas para construción naval	nº	46
	Proxectos de investigación na área do deseño Industrial	nº	17
	Proxectos de modernización empresarial en automoción	nº	49
	Accións formativas en automoción	nº accións	20
	Proxectos de innovación tecnolóxica	nº	33
	Proxectos de modernización empresarial	nº	33
	Accións formativas en confección	nº accións	20
	Proxectos de modernización empresarial en téxtil	nº	65
	Cinco núcleos de turismo rural (nº casas)	nº	70
	Cursos do centro de formación activa sobre turismo	Cursos	39
	Feiras oferta turística	campañas-feiras	50
	Monumentos a poñer en valor	nº	14
	Presentacións oferta turística	campañas-feiras	84
	Axudas a establecementos turísticos	nº	659
	Construción de miradores	nº	15
	Accións formativas e de difusión en telecomunicacións	nº accións	35
	Proxectos no sector das telecomunicacións	nº	93

Fonte: Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia, 2000-2006



buques e cara ás especificacións técnicas que satisfagan as normas de seguridade, calidade e protección do medio marítimo.

- Diversificación das liñas de produto do cluster do automóbil, apoiada en estándares de calidade.

- Programa de incentivación do desenvolvemento tecnolóxico da industria auxiliar do automóbil.

- Apoio ó desenvolvemento e constitución de canles fluídas e eficientes de información e enlace dos produtores téxtiles cos mercados potenciais, o que implica reforza-los servizos de información, deseño e loxística como soporte básico da estratexia competitiva.

- Aproveitamento da posición e imaxe conseguidas pola confección e a moda galega para impulsa-lo desenvolvemento doutros sectores produtores de artigos persoais (orfebrería, cosméticos, artesanía, mobles, cerámica ornamental,...)

- Promoción do desenvolvemento tecnolóxico da industria audiovisual de Galicia: apoio ós proxectos de I+D e de mellora do equipamento tecnolóxico.

- Medidas de asesoramento e apoio financeiro ós proxectos innovadores das empresas do sector audiovisual (cine, televisión, vídeo, multimedia).

1.A.1.-Promove-lo xurdimento de estratexias empresariais competitivas. Trátase de facilitar-lo cambio estratéxico nas empresas, a través da incentivación de novos hábitos, capacidades e ferramentas de xestión estratéxica. A orientación estratéxica neste ámbito consiste en centrarse nun núcleo duro de empresas con capacidades xa reveladas, coa finalidade de ir xerando efectos demostración que permitan estende-lo alcance cualitativo do obxectivo.

As intervencións específicas, cun contido material de natureza eminentemente formativa e de intercambio de experiencias, concrétnanse no fomento de actitudes e habilidades empresariais estratéxicas e competitivas, mediante o apoio á formación dos empresarios e xestores de empresas (en especial no caso das pemes), orientada á planificación estratéxica e a valora-la importancia da externalización de determinados servizos, atendendo a razóns de custo e calidade; en incentivos

ás empresas para a contratación de persoal altamente cualificado; en incentivos a proxectos de mellora competitiva das pemes galegas; e no fomento da moderna cultura económica e empresarial, mediante campañas xerais de difusión, promoción e información da oferta existente de servizos avanzados.

1.A.2.-Incrementa-la proxección exterior do tecido productivo debido á progresiva internacionalización dos procesos económicos e a necesaria adaptación a un contorno crecentemente competitivo.

Arredor deste obxectivo intermedio agrúpanse as seguintes medidas: Formación de persoal especializado en servizos ligados á exportación, ámbito do comercio exterior, xunto a bolsas de estudos no estranxeiro para xoves licenciados, destinadas á realización de estudos de mercado e, en xeral, a eleva-lo grao de coñecemento das oportunidades da economía galega na fronte exterior; Configuración dunha rede integrada de servizos de información e apoio: ampliación do número de Centros de Promoción de Negocios no exterior, feiras e misións comerciais, plans de iniciación e promoción da exportación, convenios con Cámaras de Comercio e ICEX; Apoios financeiros específicos a proxectos de cooperación empresarial vocación exportadora e compatibles coa política comunitaria da competencia, coa finalidade de crear e amplia-las redes comerciais e as instalacións productivas de empresas galegas no exterior. Xunto a isto recóllense accións de aseguramento de riscos ligados á exportación cara a países de fóra da Unión Europea; Captación de investimentos estranxeiros, atendendo especialmente ós investidores de orixe galega: realización de campañas en países e medios especializados, organización de visitas de empresarios e institucións estranxeiras, e apoio especial á Fundación para os Investimentos de Orixe Galega (FIOGA).

1.A.5.-Desenvolve-los servizos avanzados ás empresas. Considérase un obxectivo intermedio de alta prioridade apoia-la expansión, a modernización e a mellora funcional deste conxunto de actividades de servizos avanzados, coa finalidade última de contribuír ó asentamento da base empresarial e reforza-la súa posición competitiva. En

3.- Obxectivos estratéxicos da política industrial en Galicia

todo caso, esta finalidade estratéxica contéplase dentro dun horizonte temporal a medio e longo prazo, dadas as dificultades e o período de maduración asociados a estas actuacións.

Os tipos de intervencións que se prevé desenvolver son os seguintes: Medidas institucionais de promoción e difusión dos Centros de Servicios Avanzados existentes e da súa oferta dispoñible; Creación institucional de novos Centros de Servicios Avanzados dirixidos, basicamente, ás pequenas e medianas empresas; Apoio ás pemes mediante medidas financeiras para a externalización das funcións de servicios máis especializadas e avanzadas; Apoio institucional ás iniciativas de creación de empresas de servicios á produción, especialmente dirixido ás ramas de servicios máis febles; Medidas encamiñadas á mellora da calidade dos servicios ás empresas que permitan aumentalo seu nivel de competitividade.

1.A.3.-Diferencia-la produción e aumenta-la súa calidade. Trátase dunha aposta a favor de estimular os bens e servicios diferenciados e de calidade, e ó mesmo tempo, un estímulo á innovación empresarial, no sentido de forzar as unidades productivas a irse axustando a unha cultura de calidade e adaptación ós requirimentos cada vez máis esixentes dos mercados.

As intervencións previstas dentro deste obxectivo intermedio articúlanse ó redor das seguintes medidas: Fomento da normalización e certificación por parte das empresas; promoción e estímulo ás empresas para a implantación de sistemas de xestión de calidade e a obtención de certificados (esencialmente de acordo coa normativa ISO-9000); Constitución dunha rede integrada de centros de análise e control de calidade (calibración, metroloxía e ensaio): dotación de equipamento técnico adecuado nos centros rexionais; Apoios ó asentamento e consolidación de produtos diferenciados de alta calidade; Acreditación dos laboratorios de saúde pública; Implantación de programas de autocontrol nas empresas alimentarias de Galicia.

Obxectivos influentes

1.A.4.-Mellora-la accesibilidade ó finan-

ciamento empresarial. Trátase de potencia-lo investimento como garantía máis sólida dun desenvolvemento sostido ó longo do tempo e de mobilizar e aproveitar ó máximo o conxunto dos recursos financeiros dispoñibles mediante a configuración dunha rede ou complexo de servicios financeiros integrados que sirvan para apoiar as iniciativas empresariais e satisfacer as necesidades específicas do sistema productivo rexional.

As medidas que se dirixen a este obxectivo intermedio son as seguintes: Apoios financeiros ós investimentos productivos, en especial aqueles que supoñan xeración de emprego: subsidios a xuros ligados a préstamos, contratos de leasing, e outras operacións de financiamento de investimentos cualificados como subvencionables (pemes, proxectos estratéxicos, proxectos xeradores de emprego, proxectos Lanza, proxectos de relanzamento de actividades); Garantías para aumentar o grao de accesibilidade ó financiamento por parte das pemes: fortalecemento e mellora do sistema rexional de garantías recíprocas; Servicios financeiros de capital-risco e préstamos participativos; transformación de SODIGA e creación do Fondo ADIANTE; convenio de colaboración con ENISA; negociación co Banco Europeo de Investimentos (BEI) e outras entidades financeiras para ampliar e mellorar a concesión de préstamos participativos; Apoio financeiro a fórmulas empresariais de carácter cooperativo: programas singulares de ampliación de capital e participacións no capital vía fondos de investimento, con cláusula de recompra en favor de determinados accionistas ou colectivos (traballadores, persoal directivo, sociedades afíns ou complementarias, sucesión empresarial); Fondo para investimentos estratéxicos: liña especial de financiamento para grandes investimentos de alto valor estratéxico de cara ó desenvolvemento rexional, canalizada a través do Fondo INESGA.

1.B.1.-Potencia-lo desenvolvemento integrado do complexo agro-gandeiro. O complexo agro-gandeiro está composto pola produción gandeira como núcleo sobre o que se articula o complexo, a través das súas fortes ligazóns coa produción agrícola e as industrias de alimentación animal (como provedoras de inputs para a gandería) e coas industrias cárnicas e lácteas como des-



tino da maior parte da produción agraria rexional.

O conxunto de obxectivos do complexo agro-gandeiro considérase prioritario para a transformación estrutural e a adaptación ó contorno previsible para o futuro próximo. Desde a óptica do emprego, o obxectivo é amortecer o ritmo de caída da poboación ocupada nas actividades agrarias e o despoboamento das zonas rurais, unido á renovación xeracional e o rexuvenecemento dos activos agrarios e a elevación do seu nivel de formación.

De maneira sintética, as xustificacións desta proposta estratéxica céntranse na necesidade de promover a mellora estrutural das explotacións agrarias, procurando o seu redimensionamento e modernización; na necesidade de renovar e mellorar as capacidades productivas do núcleo central do complexo agro-gandeiro; na necesidade de fomentar producións agrarias alternativas ou complementarias, baixo o concepto de "Producción Integrada" apoiada nunha política de defensa da calidade e diferenciación do produto, que aproveite ó máximo os recursos e mecanismos de regulación natural e que teña en conta as esixencias sociais en tódolos ámbitos; e na necesidade de aumentala integración da cadea de valor do complexo.

Obxectivos influídos ou sensibles

1.B.3.-Potencia-lo desenvolvemento integrado do complexo mar/industria. O complexo mar/industria fôrmano as actividades ligadas á pesca, ó marisqueo e á acuicultura, soporte da industria de conservas e conxelados de peixe, ademais dos servizos de carácter loxístico de distribución dos diversos produtos do mar cara ós diferentes centros de demanda.

Xunto coas directivas e orientacións comunitarias, o referente para ordenar as medidas dirixidas a este complexo constitúe o Plan Sectorial de Pesca 2000/2006 da Consellería de Pesca, que supón unha revisión e actualización do Plan de pesca 1994/1999.

As medidas propostas neste obxectivo céntranse nos seguintes campos de actuación:

- Protección e mellora do medio mariño: investimentos no Servizo de Protección de Recursos e no Centro de Control de Calidade do Medio

Mariño.

- Formación técnica, profesional e reciclaxe do persoal do sector, de maneira que se posibilita a súa actualización e a utilización de novas tecnoloxías e a extensión da pesca responsable.

- Axuste do esforzo pesqueiro: retirada definitiva de buques de pesca; asociacións temporais de empresas pesqueiras; constitución de sociedades mixtas para o aproveitamento ordenado de caladoiros.

- Renovación e modernización da flota pesqueira: construción de novos buques e modernización da flota de acordo co axuste do esforzo pesqueiro; mellora do equipamento en comunicación e salvamento dirixido á flota artesanal.

- Desenvolvemento sostible da pesca de baixura: regulación da actividade da flota; avaliación e seguimento dos recursos. Estas medidas irán acompañadas de plans piloto de ordenación (selectividade de artes de pesca) e plans experimentais de recuperación de recursos explotados pola pesca de baixura.

- Intensificación da produción do sector marisqueo e da acuicultura: medidas de mellora da produtividade mediante o control dos bancos marisqueiros; desenvolvemento da acuicultura mediante o fomento de cultivos e semicultivos en zonas intermareais.

- Prospección de novos caladoiros: campañas piloto de prospección e pesca experimental e investigación de potencialidades.

- Equipamento de portos pesqueiros: mellora das instalacións de desembarco, tratamento e abastecemento da flota pesqueira.

- Apoio á transformación e comercialización de produtos pesqueiros: fomento da comercialización en orixe; estudos de mercado sobre alternativas ós produtos pesqueiros; axudas ós investimentos de modernización, etc.

- Automatización, mecanización e informatización dos centros pesqueiros de primeira venda (lonxas e outros mercados): investimentos en equipamento, aplicacións informáticas e actividades de mantemento.

- Promoción dos produtos pesqueiros de Galicia: campañas de promoción e protección de recursos; asistencia a feiras e mercados; estudos de mercado e investigación sobre novos requirimentos da demanda; asistencia técnica para a adaptación dos produtos ás normas de calidade.

3.- Obxectivos estratéxicos da política industrial en Galicia

- Promoción da creación de empresas alternativas nas zonas dependentes da pesca, que operen con recursos locais, que empreguen activos excedentes da pesca, mulleres de pescadores ou mozos que teñan como saída laboral natural o mar.

1.B.2.-Potencia-lo desenvolvemento integrado do complexo da madeira. O complexo está integrado pola silvicultura, a explotación forestal, o conxunto de actividades da cadea de transformación industrial da madeira (desde o serrado ata as outras industrias da madeira), máis as actividades de carácter loxístico directamente vinculadas ó ciclo do aproveitamento da madeira (transporte, almacenamento e comercio por xunto).

En última instancia trátase de desenvolver unha auténtica cultura forestal, asentando esta actividade como outro dos sectores emblemáticos da imaxe de Galicia, asociado ás particularidades do seu medio e a súa dotación específica de recursos naturais. O referente de cara ás actuacións a desenvolver neste caso específico constitúeo o Plan forestal de Galicia.

As medidas dirixidas a este obxectivo intermedio céntranse nos seguintes puntos:

- Forestación de terras agrarias marxinais: instauración de manuais e deseño de soportes de xestión e mecanización de procedementos; soporte técnico territorial de proxectos e control de calidade; incremento da superficie forestal arborada, as melloras silvícolas e as infraestructuras forestais; desenvolvemento do plan de mellora xenética.

- Fomento da xestión dos montes veciñais en man común (MVMC): formación de xuntas rectoras e formación de comuneiros; contratación de técnicos xestores; actualización de expedientes de clasificación e actualización de inventarios; creación de equipos de deslindes e ordenación de MVMC.

- Actuacións en montes xestionados pola administración rexional: reforestación, tratamentos silvícolas, infraestructuras, planificación, seguimento de masas forestais, parques forestais periurbanos e aulas forestais.

- Ordenación de montes particulares arborados: integración de parcelas forestais en unidades

de manexo viables; establecemento de plans de ordenación axustados ás condicións estruturais da silvicultura actual; implantación de unidades operativas de xestión.

- Fomento da modernización do sector de serrado e primeira transformación da madeira: apoio ós investimentos en activos fixos e aplicación de tecnoloxías limpas; mellora da xestión e control de calidade das industrias de primeira transformación; reproposta estratéxica da actividade do sector, adecuándoa ás novas condicións da demanda e ós mercados internacionais.

- Reforzo das relacións entre os distintos compoñentes da cadea de produción, coa finalidade última de integrar e asenta-lo complexo productivo da madeira, así como o fomento da modernización do sector da segunda transformación.

Indicadores de seguimento

Considerando o PEDEGA como o marco de referencia da concertación social e do desenvolvemento dos diferentes plans sectoriais, as diferentes medidas e obxectivos deberán adaptarse con flexibilidade ás variacións do entorno a través dos “mecanismos de seguimento” en negociación do propio PEDEGA.

A parte máis importante da programación da comunidade galega para o período 2000-2006 está contida no Programa Operativo Integrado, aprobado pola Comisión Europea o 7 de marzo de 2001. Os **cadros 3.3. a 3.8.** recollen os distintos eixes e medidas directamente relacionados co sector industrial, así como a dotación financeira dos mesmos.

O **cadro 3.8.** reflicte a dotación financeira dos cinco eixes considerados. O custo total dos mesmos ascende a 4.266,8 millóns de euros, dos que o 66,8% (2.850,7 millóns de euros) corresponden á achega comunitaria e o 33,2% restante (1.416,1 millóns de euros) foi a contribución nacional.

Do total da contribución europea, o fondo FEDER aportou o 74,1% (2.111 millóns de euros), fronte o 24,5% do FEOGA (698,8 millóns de euros) e o 1,4% do FSE (40,8 millóns de euros). No caso da achega nacional, a administración cen-



CADRO 3.3.

Indicadores de seguimento dos obxectivos estratéxicos de política industrial.
Eixe 1.- Mellora da competitividade e desenvolvemento do tecido productivo

Medida	Indicador	Tipo de indicador	Medición	Previsión
1.- Apoio a empresas industriais, comerciais e de servizos	768 Empregos creados	Impactos	Unidades	13.960
	185 Axudas concedidas	Realizacións	Unidades	1.809
